

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA A

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

A parte A consistirá na redacción dun tema elixido pola persoa opositora entre cinco sorteados previamente polo tribunal.

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Nivel científico do tema e actualización de coñecementos.

Estructura e organización dos contidos do tema:

Índice ben estruturado

Introducción. Contextualización do tema na especialidade. Xustificación da importancia do mesmo.

Axuste do tema á totalidade dos apartados do temario e de forma proporcionada.

Elabora unha conclusión acorde ao tema.

Estructura e organiza os contidos, emprega datos e terminoloxía correcta e actualizada, con información completa e sen erros.

Adapta os contidos do tema e desenvolve todos os apartados do título.

Secuencia de forma lóxica e clara os apartados.

Redacción coherente, clara, lexible, sen erros ortográficos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA B.1

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

Para a cualificación da segunda parte da proba seguirase a rúbrica contida no anexo VIII da da ORDE do 5 de decembro de 2022 UNIDADE DIDÁCTICA:

O tribunal cualificará a unidade didáctica proposta polo aspirante cunha puntuación dos apartados A, B, C, D, E, F e G, segundo a defensa realizada ante o tribunal. Poderanse formular cuestións referentes ao exposto ou solicitar aclaracións na fase de debate

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA B.2

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

A proba B.2 consistirá na realización dunha serie de supostos prácticos formados por preguntas curtas e cuestións relativas a imaxes, que se axustarán ao disposto no Anexo IV da ORDE do 5 de decembro de 2022.

Presentaranse dúas opcións, A e B, podendo optar por unha delas a persoa opositora. Cada pregunta reflectirá o seu valor. As preguntas en branco ou mal

contestadas non restarán. O tempo para asignado para a súa realización será de 2 horas.

Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Demostrouse o coñecemento de fundamentos e técnicas correspondentes aos supostos plantexados.

Acadouse a solución correcta dos supostos prácticos expresándoa, de ser o caso, nas unidades correspondentes. Demostrouse o coñecemento identificando técnicas, material, instrumental e o seu uso correspondente á especialidade e aos supostos plantexados.

Evidenciouse o razoamento e aplicación práctica en cada caso que é obxecto de avaliación.